



**Concello de Ribadavia**

**MIT**  
**MOSTRA**  
**INTERNACIONAL**  
**DE TEATRO**  
**DE RIBADAVIA**

## **14º PREMIO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS**

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia convoca, a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT), en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 14ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2019, de acordo coas seguintes bases:

### **1ª REQUISITOS**

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita na normativa oficial da lingua galega.

### **2ª PREMIOS**

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.500 euros e a edición da obra gañadora. O Concello reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a.

En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2019”.

### **3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS**

As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou encadernadas.

Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

### **4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN**

O prazo de admisión de orixinais remata o día 21 de xuño de 2019 e deberán enviarse ao seguinte enderezo:

*Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense*

Deberase indicar no exterior do sobre “14º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2019”

### **5ª XURADO**

O xurado presidirao o Alcalde de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: a Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue, o Director da Mostra Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral. O nomeamento do xurado farao o Alcalde e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se

poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

### **6ª COMUNICACIÓN DO DITAME**

O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado se se considera oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio.

A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2019, no contexto da XXXV edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

### **7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS**

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados nun prazo de dous anos pasarán a formar parte dos fondos do Concello, previa destrución das plicas que conteñen os datos persoais dos concursantes.

### **8ª ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.

Ribadavia, xaneiro de 2019  
+ info en: [www.mitribadavia.gal/premios](http://www.mitribadavia.gal/premios)